

Á MESA DO PARLAMENTO

A deputada Eva Solla Fernández e os deputados Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández, Antón Sánchez García, Xosé Manuel Beiras Torrado e Juan M. Fajardo Recouso, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre os cargos públicos imputados por corrupción que manteñen o seu posto institucional.

O grupo parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda (AGE) esixe ao presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, que actúe ante a nova imputación de José Luis Baltar pai, no caso polo que está sendo investigado o seu fillo, José Luis Baltar, presidente da Deputación de Ourense, polos presuntos delitos de prevaricación, tráfico de influencias e un posible delito de acoso sexual.

Dende AGE afirmamos que o Goberno da Xunta non pode continuar pasivo fronte a estes presuntos graves delitos nos que está en xogo a democracia en Galicia e que evidencia que a corrupción no Partido Popular é un problema estrutural que chega desde as deputacións aos concellos e pasa incluso por cargos da Xunta de Galicia. Neste caso ademais, despois de meses solicitando a comparecencia do presidente galego e dos membros do Goberno así como a dimisión de José Luis Baltar como presidente da Deputación de Ourense, non só non se produce senón que recibe o apoio da Presidencia da Xunta.

AGE defende que a realidade parece evidenciar que a corrupción é algo inherente ao Partido Popular e un problema contra o que semella non queren loitar de xeito real. O grupo parlamentario volveu a denunciar que se siga mantendo a José Luis Baltar na Deputación de Ourense e esixiu ao presidente da Xunta que actúe xa ante este grave caso de corrupción que salpica de cheo ao Partido Popular galego.

Por todo o exposto, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

1.- Considera a Xunta de Galicia transixible que os cargos públicos investigados permanezan no seu posto?

En Compostela, a 1 de xuño de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 01/06/2016 14:04:39

Ramón Vázquez Díaz na data 01/06/2016 14:04:48

Jose Javier Ron Fernandez na data 01/06/2016 14:04:54

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 01/06/2016 14:05:01

Anton Sánchez García na data 01/06/2016 14:05:05

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 01/06/2016 14:05:10